

Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

Esta enquisa ás explotacións agrícolas, trátase dun proxecto europeo que xa se empezou a realizar en 1966/67 por parte dos estados membros xa que constitúe un elemento de decisión importante para a orientación da política agrícola común. España participa por primeira vez no 1987 a traveso do INE, e en liñas xerais mantén o mesmo esquema de traballo ata esta publicación, dos datos do 2005, para facilitar o estudo da evolución da agricultura e a comparanza dos datos.

O IGE mediante a sinatura dun convenio con INE, participou nesta enquisa perante o 2005 no ámbito territorial da nosa comunidade, ao igual que o EUSTAT (Instituto Vasco de Estatística) e o IDESCAT (Instituto de Estatística de Cataluña) en cada seus territorios.

Os obxectivos fundamentais desta operación son os seguintes:

- Avaliar a situación da agricultura e seguir a evolución estrutural das explotacións agrícolas, así como obter resultados comparables entre todos os estados membros da Unión Europea.
- Cumprir coa normativa legal fixada pola Unión Europea nos diferentes regulamentos do Consello, así como atender aos requirimentos estatísticos e outras solicitudes de información acerca do sector.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo ven definida polos seguintes criterios:

- todas as explotacións que teñan ao menos 1Ha de Superficie Agrícola utilizada (SAU)
- todas as explotacións que teñan ao menos 0,2 Ha de SAU dedicadas a hortalizas, flores e plantas ornamentais ao aire libre e ao abrigo baixo ou cultivos en invernadoiros ou froiteiras (incluído cítricos) de regadío ou viveiros
- aquelas explotacións que tivesen no Censo Agrario de 1999, unha ou máis Unidades Gandeiras (UG) con unha Marxe Bruta Total (MBT) igual ou superior a 0,75 Unidades de Dimensión Europea (UDE).

Estes tres criterios son independentes, é dicir, cumprírase ao menos un deles para que se considere que a explotación pertence á poboación obxecto de estudo.

As explotacións netamente forestais exclúense da enquisa, si non cumpren as condicións antes citadas, xa que a enquisa refírese a explotacións propiamente agrícolas. Sen embargo, se a explotación investigada ten algunha masa forestal, esta recollerase no cuestionario.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co ano agrícola 2005, é dicir, á campaña agrícola comprendida entre o 1 de outubro de 2004 e o 30 de setembro de 2005. Salvo:

- para a gandería e a maquinaria propiedade exclusiva da explotación, na que a data de referencia é o día da enquisa
- e no caso das axudas directas á inversión, onde o período de referencia corresponde aos últimos 5 anos.

A recollida de información realizouse perante o último trimestre do 2005.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Explotación agrícola: é a unidade técnico económica da que se obtén produtos agrarios baixo a responsabilidade dun titular. Dita unidade caracterízase pola utilización en común da man de obra e dos medios de produción: maquinaria, terras, edificios, abonos,...

Titular da explotación: aquela persoa, física ou xurídica, que actuando con liberdade e con autonomía asume o risco da explotación agrícola, calquera que sexa o réxime de posesión da terra (o propietario, o arrendatario, o aparceiro...), dirixíndoa por si mesmo ou mediante outra persoa.

Xefe da explotación: persoa responsable da xestión corrente e cotiá da explotación agrícola. Habitualmente coincide co titular da explotación, pero en caso de non coincidir pode ser un membro da familia ou unha persoa asalariada. Toda explotación ten un só xefe de explotación, e será aquela que aporte a maior contribución á xestión. Si todos contribúen de igual xeito, considerarase xefe de explotación á persoa de maior idade.

Superficie total (ST): superficie de todas as parcelas que integran a mesma: a propiedade do titular, a arrendada para a súa explotación e a superficie explotada segundo outras formas de posesión. Exclúense:

- as superficies propiedade do titular pero cedidas a terceiras persoas para a súa explotación ou outros usos

- as superficies tomadas en arrendamento exclusivamente para o aproveitamento do pasto, de rastroxeriras, caza ou recollida de produtos comprados sen recoller, xa que nestes casos só se arrenda a utilización do produto non a parecela.
- e as superficies edificadas (vivenda, cuadras, ...) se non están dentro ou contiguas á explotación.

Superficie agrícola utilizada (SAU): conxunto de terras labradas e terras para pastos permanentes. As terras labradas comprenden: os cultivos herbáceos, os barbeitos e os hortos familiares e as terras consagradas a cultivos leñosos.

Terras labradas (TL): aquelas que reciben cuidados culturais, aqueles que se efectúan con azadas, arados, gradas, ..., sexa cal sexa o seu aproveitamento e a data na que se realizaron dentro do ano agrícola. Os cultivos leñosos que ocupan o só durante varios anos, inclúense dende o ano que son plantados.

Terras para pastos permanentes: terras non incluídas na rotación de cultivos, dedicadas de maneira permanente (por períodos de cinco anos ou máis) á produción de herba, xa sexa cultivada (sementada) ou natural (espontánea)

Outras terras: aquelas terras que formando parte da explotación, da ST, non constitúen o que se denomina SAU: erial, espartizal, matagueira, especies arbóreas forestais, ...

Gandería: os animais criados na explotación e que se atopan na mesma o día da enquisa, incluídos os transhumantes e o gando en réxime de integración (todo contrato que implica unha dependencia no subministro, animais, pensos e na venda) ou contrato.

4. Unidades de medida

Unidades de superficie: os cultivos se expresan en hectáreas e áreas.

Unidades gandeiras (UG): os datos gandeiros exprésanse en número de cabezas e unidades gandeiras que se obteñen, estas últimas, aplicando un coeficiente a cada especie e tipo, para agregar nunha unidade diferentes especies.

Unidades de traballo: número de xornadas completas ou parciais (computan como a metade dunha completa) ou ben en unidades traballo-ano (UTA) que equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano.

5. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

Para as enquisas sobre a estrutura das explotacións agrícolas dos anos 2003, 2005 e 2007 deseñouse un panel a partir do cal e por medio do establecemento dunhas regras de filiación pódese asinar unha probabilidade de selección ás explotacións que apareceron despois do Censo Agrario de 1999.

Esta concepción nos permite un deseño nunha soa etapa, con estratificación das explotacións segundo a súa orientación técnico económica e tamaño, e estimadores de expansión simple.

Os estratos fórmanse co cruce da OTE a dous díxitos e cinco grupos de tamaño tendo en conta as seguintes variables: MBT, UTA, SAU, TL e UG.

Tamaño da mostra

No total de Galicia seleccionáronse un total de 5 440 seccións, co seguinte reparto por provincias:

A Coruña: 1 622; Lugo: 1998; Ourense: 1 001; Pontevedra: 819

Determinación das explotacións

Investigáronse exhaustivamente aquelas explotacións, que no Censo de 1999 pertencían a algún destes grupos:

- o un por mil das máis grandes segundo o MBT (Marxe Bruto Total= saldo entre o valor monetario da produción bruta e o valor de certos custos directos inherentes a esa produción) dentro de cada CCAA.
- para as UTA, ST, SAU, TL e UG se elixe de entre estes dous o que proporcione o maior número de explotacións exhaustivas: o da regra da desviación sigma (regra empírica que consiste en ordenar de menor a maior segundo unha variable e tomar como exhaustivas as que seguen á primeira que cumpre que a diferenza coa anterior é maior que a desviación típica de dita variable) ou o último 5 por dez mil das máis grandes segundo cada variable dentro da CCAA.

6. Recollida da información

Para esta enquisa, a do 2005, firmouse un convenio co INE polo que a recollida, gravación e validación da información foi levada a cabo polo IGE.

A recollida de datos efectúase no derradeiro trimestre do 2005 mediante a solicitude de información sobre as características da explotación agrícola ao titular da explotación.

As visitas ou citacións anunciáronse previamente, mediante unha carta dirixida ao informante. Os enquisadores realizaron as visitas nas datas concertadas e solicitarán toda a información para cumprimentar o cuestionario. Antes de dar por terminada a enquisa comprobarán que o cuestionario está completo y con coherencia interna.

Nos traballos de campo, co fin de detectar novas explotacións que non existían na campaña agrícola do 2003, investigárase sobre as explotacións da mostra nas que se producisen cesións ou vendas de terras ou instalacións gandeiras.